



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Outubro 2024

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2024


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Outubro 2024

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia en outubro de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior unha taxa do 4,6% e no conxunto de España do 5,4%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 5,8% e no Resto de produtos un 4,4%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 3,8% en Galicia no mes de outubro de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España medra un 4,7%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 0,1% en Galicia e do 1,8% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en quince comunidades autónomas no mes de outubro.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Outubro 2024

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	101,6	4,6	1,5
Xeral sen estacións de servizo	99,5	4,7	1,2
Alimentación	95,6	5,8	1,8
Resto	105,9	4,4	1,6




1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra unha taxa do 4,6% en Galicia en outubro de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior e do 5,4% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo medra un 4,7% en Galicia e un 5,5% en España respecto a outubro de 2023. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa a facturación un 5,8% en Galicia e un 4,7% no conxunto de España.
- O Resto de produtos aumenta un 4,4% en Galicia e medra un 6,7% no conxunto do Estado.



Nos dez primeiros meses do ano, as vendas minoristas aumentan un 1,5% en Galicia e un 2% en España. Rexístrase un incremento das vendas tanto en Alimentación (1,8% en Galicia e 1,6% en España) como no Resto de produtos (1,6% en Galicia e 3,2% en España).


2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en todas as comunidades autónomas. As comunidades con maiores incrementos son Canarias (7,6%), Andalucía (7,1%) e País Vasco (6,9%). As comunidades con menor crecemento das vendas son Extremadura (3,4%), Castilla y León (3,7%) e Aragón (4%).

No que vai de ano, o índice aumenta en todas as comunidades autónomas agás en Madrid (-0,7%). As taxas máis altas preséntanse en Canarias (5%), Cantabria (3,7%) e Andalucía (3,6%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Outubro 2024

Taxas de variación en %



3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 3,8% en Galicia no mes de outubro de 2024, e un 4,7% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 5,7% en Galicia e do 6,4% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 7,7% e no Resto de produtos aumentan un 4,2%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 6,6% nas vendas en Alimentación e do 6,3% no Resto de produtos.

Nos dez primeiros meses do ano, o índice medra un 3,5% en Galicia e un 3,9% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 6% en Galicia, máis que en España (5,6%). As vendas no Resto de produtos crecen máis en España (3,5%) que en Galicia (2,2%).

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,1% no mes de outubro en Galicia e do 1,8% no conxunto do Estado.


No que vai do ano, a ocupación mantense sen cambios en Galicia e en España aumenta o 1,9%.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en outubro en quince comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Canarias (4,1%) e Illes Balears (4,1%). As comunidades con diminución do persoal ocupado son Extremadura (-0,6%) e Cantabria (-0,1%).

Índice xeral de ocupación. Outubro 2024

Taxas de variación en %



Nos acumulado do ano, a ocupación aumenta en catorce comunidades autónomas. Madrid (4,6%) e Canarias (3,3%) rexistran os maiores incrementos. Perden persoal ocupado Extremadura (-0,8%) e La Rioja (-0,6%). En Galicia a ocupación mantense sen cambios.

Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Outubro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	121,2	3,8	3,5	101,6	4,6	1,5
Xeral sen estacións de servizo	120,3	5,7	3,9	99,5	4,7	1,2
Alimentación	123,1	7,7	6,0	95,6	5,8	1,8
Resto	118,3	4,2	2,2	105,9	4,4	1,6
España						
Xeral	128,9	4,7	3,9	107,8	5,4	2,0
Xeral sen estacións de servizo	129,0	6,4	4,4	106,8	5,5	2,0
Alimentación	133,0	6,6	5,6	102,9	4,7	1,6
Resto	126,0	6,3	3,5	114,5	6,7	3,2

Fonte: INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Outubro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	121,9	2,2	3,1	102,3	2,6	1,0
Xeral sen estacións de servizo	122,2	3,9	3,4	101,1	2,7	0,8
Alimentación	124,3	5,9	5,6	96,3	3,8	1,3
Resto	120,5	3,1	1,9	108,9	2,6	1,2
España						
Xeral	129,1	3,1	3,6	108,2	3,5	1,6
Xeral sen estacións de servizo	129,7	4,5	4,1	107,2	3,4	1,7
Alimentación	132,4	5,2	5,2	102,0	2,6	1,1
Resto	127,4	4,4	3,2	116,7	4,7	3,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Outubro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	128,9	4,7	3,9	107,8	5,4	2,0
Andalucía	129,6	5,9	5,3	108,4	7,1	3,6
Aragón	123,7	3,9	4,1	102,6	4,0	2,1
Asturias	122,3	4,1	3,0	102,3	4,4	1,3
Balears, Illes	146,3	4,5	2,4	122,4	4,9	0,5
Canarias	141,2	7,0	6,9	118,6	7,6	5,0
Cantabria	124,6	4,1	5,4	104,6	5,3	3,7
Castilla y León	123,7	2,9	2,9	102,4	3,7	1,0
Castilla-La Mancha	125,7	4,8	4,4	103,2	5,8	2,4
Cataluña	127,1	4,9	4,1	106,8	5,4	2,0
Comunitat Valenciana	127,6	3,9	4,8	107,5	4,9	3,1
Extremadura	123,3	3,2	2,7	101,9	3,4	0,7
GALICIA	121,2	3,8	3,5	101,6	4,6	1,5
Madrid	133,7	3,8	1,2	112,6	4,4	-0,7
Murcia, Región de	122,9	4,4	3,2	102,9	5,5	1,5
Navarra	126,3	4,4	5,0	103,9	4,2	2,7
País Vasco	126,2	7,2	5,2	104,8	6,9	2,7
Rioja, La	125,5	5,5	4,3	104,4	5,8	2,0
Ceuta	125,5	5,1	3,7	104,0	4,4	1,0
Melilla	118,4	3,5	4,2	98,0	3,6	2,9

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Outubro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	104,1	0,1	0,0
Xeral sen estacións de servizo	103,8	0,0	-0,1
España			
Xeral	106,0	1,8	1,9
Xeral sen estacións de servizo	106,0	1,8	1,9

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Outubro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	106,0	1,8	1,9
Andalucía	108,2	3,2	3,0
Aragón	103,8	1,8	0,6
Asturias	98,7	0,4	0,4
Baleares, Illes	117,2	4,1	3,0
Canarias	112,7	4,1	3,3
Cantabria	103,3	-0,1	0,2
Castilla y León	103,4	0,8	0,8
Castilla-La Mancha	107,3	2,4	2,0
Cataluña	101,9	0,2	0,5
Comunitat Valenciana	105,3	0,7	1,0
Extremadura	103,3	-0,6	-0,8
GALICIA	104,1	0,1	0,0
Madrid	109,6	3,4	4,6
Murcia	100,3	0,6	0,6
Navarra	104,9	2,5	1,3
País Vasco	104,7	1,4	0,6
Rioja, La	103,2	0,8	-0,6
Ceuta	97,7	-1,4	-0,2
Melilla	101,2	-0,5	-0,7

Fonte: INE